

# Aproximación ecdótica ás edicións da obra poética de Lorenzo Varela

## *An Ecdotic Approach to Lorenzo Varela's Poetry Editions*

**José Ángel GARCÍA LÓPEZ**

Universitat d'Alacant  
Departament de Filologia Catalana  
garcia.lopez@ua.es

[recibido 02/11/2014, aceptado 26/01/2015]

*Para Xesús Alonso Montero,  
con fondo respectu*

### **RESUMO**

O obxectivo deste traballo é contribuír á fixación do corpus poético de Lorenzo Varela (A Habana, 1916 - Madrid, 1978) mediante unha análise ecdótica dos textos publicados en varias edicións da lírica deste escritor de vocación prematura, quen transcendeu o marco da literatura española para enriquecer proveitosamente a literatura en lingua galega.

**PALABRAS CHAVE:** Poesía, literatura española, literatura galega, Lorenzo Varela.

### **RESUMEN**

El objetivo de este trabajo es contribuir a la fijación del corpus poético de Lorenzo Varela (La Habana, 1916 - Madrid, 1978) mediante un análisis ecdótico de los textos publicados en varias ediciones de la lírica de este escritor de vocación prematura, quien trascendió el marco de la literatura española para enriquecer provechosamente la literatura en lengua gallega.

**PALABRAS CLAVE:** Poesía, literatura española, literatura gallega, Lorenzo Varela.

### **ABSTRACT**

The object of this essay is to contribute to the establishment of the poetic works of Lorenzo Varela (Havana, 1916 - Madrid, 1978) with a little textual critical analysis. Writer of premature vocation, Varela soon extended the frame of Spanish Literature to enrich Literature in the Galician language.

**KEY WORDS:** Poetry, Spanish literature, Galician literature, Lorenzo Varela.

GARCÍA LÓPEZ, J. Á. (2015): "Aproximación ecdótica ás edicións da obra poética de Lorenzo Varela", *Madrygal (Madr.)*, 18, Núm. Especial: 95-105.

**SUMARIO:** 1. Consideracións preliminares. 2. *Elegías españolas* (1940) e *Torres de amor* (1942). 3. *Catro poemas pra catro grabados* (1944) e *Catro poemas galegos* (1951). 4. *Lonxe* (1954) 5. *Poesía* (1979). 6. *Homaxes* (1979). 7. Referencias bibliográficas.

## 1. CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES

Os medios impresos que difundiron os primeiros poemas que conservamos de Lorenzo Varela foron revistas como *El Mono Azul* ou *Hora de España*, ben que as verdadeiras calidades poéticas do escritor Lorenzo Varela se reflectirían nos volumes *Elegías españolas* (1940), *Torres de amor* (1942), *Catro poemas galegos* (1951) e *Lonxe* (1954), conxunto ao cal hai que engadir medio cento de textos líricos compostos ao longo de case catro décadas de exilio e espallados por diversas publicacións periódicas e manuscritos. A través da comparación das variantes contidas nos testemuños bibliográficos coñecidos ata a data, pretendemos contribuír con este breve estudo á elaboración dun soporte crítico útil co desexo de que, no futuro, sexa levada a cabo unha edición definitiva da obra poética completa deste autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2005.

## 2. ELEGÍAS ESPAÑOLAS (1940) E TORRES DE AMOR (1942)

Como algúns estudosos da obra de Varela fixeron notar puntualmente (Ferreiro Fente 1998, García López 2007), *Torres de amor* recolle algúns textos publicados con anterioridade polo seu autor. Respecto da composición “Siempre, España”, aparecera orixinalmente co título de “Hoy” no sétimo número da revista *Hora de España*, publicado en xullo de 1937. Entre unha e outra versión existen, á parte do título, poucas variantes de tipo léxico. O verso 12 (“mas su historia no cesa de contarse”) é substituído na súa totalidade no texto de 1942: “pero su eternidad no se deshace” (Varela 1942: 24). Así mesmo, convén salientar as variacións derivadas da reestruturación das pausas ortográficas dentro do esquema discursivo:

(...) quien arde.  
Son los vaqueros (...) (Varela 1937: 57)  
(...) quien arde,  
son los vaqueros (...) (Varela 1942: 24)  
(...) por ser yo mismo,  
llama que no se incendia porque es luz,  
lo que conmueve (...) (Varela 1937: 57)

(...) por ser yo mismo  
llama que no se incendia, porque es luz  
lo que mueve (...) (Varela 1942: 24)

Por outra banda, observamos tamén no poema citado unha variante no nivel de enunciación:

Tanto monte quemado, los rebaños (...) (Varela 1937: 58)  
¡Tanto monte quemado! Los rebaños (...) (Varela 1942: 25)

Canto aos poemas “Elogio del llanto” e mais as composicións englobadas na serie “Desagravio...”, as variantes respecto da edición primixenia, recollida no opúsculo *Elegías españolas*, son abundantes. “Elogio...” presenta na versión de 1942 diferenzas polo que se refire tanto á súa extensión como á distribución estrófica orixinais. Das trinta e dúas estrofas publicadas en 1940, Varela só rescatou dezaioito (1-5, 9-15, 20, 22-25, e 28), sacrificando conscientemente os versos restantes co criterio de rebaixar o ton incisivo exhibido orixinalmente e que o resultado fose máis acorde co resto das composicións incluídas no volume de 1942. Só rexistramos unha variante léxica no texto das dúas edicións: o verso 61 de *Elegías españolas*, “con fuego extraño (...)”, figura en *Torres de amor* transformado en “con fuego joven (...)” (Varela 1942: 19). Fóra do devandito, é igualmente notoria en *Torres de amor* a redistribución das pausas no final dalgúns versos fronte aos textos establecidos en *Elegías españolas*, mesmo propiciando ou evitando encabalgamentos:

(...) y doloridas,  
y todas empapadas (Varela 1940: 6)  
(...) y doloridas  
y todas empapadas (Varela 1942: 17)  
(...) conmovida,  
detrás de los romeros (Varela 1940: 6)  
(...) conmovida  
detrás de los romeros (Varela 1942: 18)  
(...) vergüenza disfrazada  
con altivez de conde (Varela 1940: 10)  
(...) vergüenza, disfrazada  
con altivez de conde (Varela 1942: 20)  
(...) calientes, –como soles– (Varela 1940: 11)  
(...) calientes, como soles (Varela 1942: 20)

Polo que fai aos catro poemas que compoñen a serie “Desagravio...”, numerados en románico e integrados baixo unha mesma epígrafe no volume de 1940, aparecerían desagregados en *Torres de amor* e, aínda que manteñen a ordenación orixinal, reciben cadanseu título independente: “Vino de los lagares”, “Vino de las tabernas”, “Vino del mar” e “Vino de los malditos”. As variacións léxicas entre as versións son mínimas. O verso 9 de “Vino de las tabernas” cambia en 1942 a preposición inicial *por* (Varela 1942: 69) respecto da versión publicada en *Elegías españolas*: “a marear de alturas” (Varela 1940: 27). Ademais, no verso 33 da composición mencionada atopamos na versión orixinal a secuencia “alegre, funerario”, trocada en *Torres de amor* por “alegre y funerario” (Varela 1942: 70).

Tocante a “Vino de los malditos”, o verso 13, “y sonido de cuernos” (Varela 1942: 76), amosa un cambio fronte ao texto de 1940: “con sonido de cuernos” (Varela 1940: 30). E no verso 24, “Sus morados donaires”, a edición de 1942 mostra unha variación na persoa do posesivo: *Tus morados donaires* (Varela 1942: 76).

Igual que sinalamos máis arriba, Varela optou por variar a duración dalgunhas pausas ou incluso chegou a suprimilas con relación aos textos de 1940. En “Vino de los lagares” anotamos os seguintes casos:

tinto de negros soles en las parras.  
Cárdeno (...) (Varela 1940: 25)  
tinto de negros soles en las parras,  
cárdeno (...) (Varela 1942: 67)

(...) labradores;  
agridulce (...) (Varela 1940: 25)  
(...) labradores,  
agridulce (...) (Varela 1942: 67)

(...) lagares,  
y poderosos soles (...) (Varela 1940: 26)  
(...) lagares  
y poderosos soles (...) (Varela 1942: 68)

(...) cálidas  
enfebrecidas penas (...) (Varela 1940: 26)  
(...) cálidas,  
enfebrecidas penas (...) (Varela 1942: 68)

Verbo da composición “Vino de las tabernas”, esta exhibe na súa versión de 1942 as mudanzas que apuntamos a continuación:

¡(...) de los sentimentales sin consuelo,  
el vino compañero (...)! (Varela 1940: 27)  
¡(...) de los sentimentales sin consuelo!  
El vino compañero (...) (Varela 1942: 70)

(...) y dudas  
y suspiro (...) (Varela 1940: 27)  
(...) y dudas,  
y suspiro (...) (Varela 1942: 70)

¡Oh vino de las viudas!  
entre (...) (Varela 1940: 27)  
¡Oh vino de las viudas!,  
entre (...) (Varela 1942: 70)

Respecto de “Vino del mar”, tamén encontramos varias modificacións fronte ao texto de 1940:

(...) conmovidos;  
mensajes (...) (Varela 1940: 29)  
(...) conmovidos,  
mensajes (...) (Varela 1942: 72)

(...) del solitario mar vuelven pobladas  
(Varela 1940: 29)  
(...) del solitario mar, vuelven pobladas  
(Varela 1942: 75)

(...) en el camino:  
sólo (...) (Varela 1940: 30)  
(...) en el camino.  
Sólo (...) (Varela 1942: 75)

E, como nas composicións precedentes, rexistramos trocos dunha natureza semellante en “Vino de los malditos”:

Vino de los malditos  
en lagares (...) (Varela 1940: 30)  
Vino de los malditos,  
en lagares (...) (Varela 1942: 75)

Aliento de los mitos  
–en la la sangre labrados–  
ancestrales (...) (Varela 1940: 30)  
Aliento de los mitos  
en la la sangre labrados,  
ancestrales (...) (Varela 1942: 75)

(...) contenidos,  
y (...) (Varela 1940: 30)  
(...) contenidos  
y (...) (Varela 1942: 76)

Entre as edicións de 1940 e 1942 destes textos apreciamos outra clase de variantes, as de tipo enunciativo. “Vino de las tabernas” presenta as seguintes:

Vino de los traperos  
compartido por los sepultureros  
(Varela 1940: 28)  
¡Vino de los traperos  
compartido por los sepultureros!  
(Varela 1942: 70)

(...) risa de calavera,  
alegría de muerte es tu bandera  
(Varela 1940: 28)  
¡Risa de calavera,  
alegría de muerte es tu bandera!  
(Varela 1942: 70)

Viva el racimo alado (...) (Varela 1940: 28)  
¡Viva el racimo alado (...)! (Varela 1942: 71)

No que atinxe á composición “Vino de los malditos”, tamén constatamos a existencia de variacións:

Lívidas alboradas, (...) (Varela 1940: 31)  
¡Lívidas alboradas, (...)! (Varela 1942: 76)

de los nuevos amantes:  
pulpas tintas, (...) (Varela 1940: 31)  
¡...de los nuevos amantes!  
¡Pulpas tintas (...)! (Varela 1942: 76)

Á marxe do anteriormente exposto, cómpre indicar que os “Sonetos de la paloma” e mais os “Sonetos del cuervo” viron o lume con anterioridade á súa inclusión en *Torres de amor*. Concretamente, o 15 de xuño de 1941 na revista *Letras de México*. Dado que as versións primixenias deses sonetos xa foron rescatadas hai algúns anos por nós e contrastadas coas publicadas no libro de 1942 (García López 2007), omitimos referirnos a elas de novo aquí por mor das limitacións de espazo impostas aos colaboradores da presente publicación auspiciada por *Madrygal*.

### 3. CATRO POEMAS PRA CATRO GRABADOS (1944) E CATRO POEMAS GALEGOS (1951)

Consonte o disposto na nota do impresor, o día 20 de outubro de 1944 saíu do prelo o álbum de xilografías de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medioevales*. Acompañan

aos gravados catro textos líricos da autoría de Lorenzo Varela (“María Pita”, “María Balteira”, “A Rui Xordo” e “O touro”) agrupados como limiar do álbum citado baixo a epígrafe xeral de “Catro poemas pra catro grabados”. O limitado da súa tiraxe converteu axiña esa obra en cotizada peza de bibliofilia. En 1951, as composicións de Varela e as litografías de Seoane foron editadas de novo xunto cunha adaptación musical realizada polo compositor Julián Bautista e mais unha tradución ao inglés dos poemas a cargo de William Shand. O libro resultante, *Catro poemas galegos*, foi impreso baixo o selo da Editorial Argentina de Música.

Temos constancia da presenza en terras galegas de varios orixinais pertencentes a ambas as edicións. Dalgúns coñecemos a súa sorte, como é o caso do exemplar de 1951 que Maruxa López, viúva de Seoane, doou á Real Academia Galega. No entanto, sospeitamos que outros permanecen en mans de particulares, como é o caso do exemplar do álbum de 1944 pertencente a Valentín Paz-Andrade, cuxa existencia e localización exacta semellan ignoradas ata a data polos investigadores. Pola nosa banda, aínda non logramos consultar ningún orixinal ou copia fiel dos textos de 1944, o que nos impide levar a cabo nesta ocasión unha análise ecdótica precisa entre as diferentes edicións que coñeceron os catro poemas mencionados. Con todo, a través da reprodución dalgunhas composicións feita por varias revistas coetáneas, podemos dar testemuño da existencia dalgunhas variantes significativas entre as edicións de 1944 e 1951.

Polo que fai ao poema “María Pita”, tomamos como norte a súa publicación nas páxinas do primeiro número de *Orzán*, revista oficial do Centro Coruñés en terras porteñas. O dito número está datado no Día de Galicia de 1945 e parece constituir unha fonte fiable á hora de contrastar os cambios producidos na edición de 1951, os cales foron escasos. Cabe salientar nesta última edición a introdución de dous versos idénticos (Varela 1951: 19 e 21), que reproducen de xeito onomatopeico o reloucar das campás e cuxa aparición parece responder ao vínculo coa adaptación musical de Julián

Bautista. Ademais, cumpriría facer notar os cambios gráficos introducidos no derradeiro verso da composición:

o bronce meu, teu bronce foi María  
(Varela 1945b: 36)

‘O bronce meu, teu bronce foi María’>>  
(Varela 1951: 21)

Coidamos axeitado engadir que no cuarto volume da *Escolma de poesía galega* publicada pola editorial Galaxia, o cal foi elaborado por Francisco Fernández del Riego, a fonte a partir da cal son reproducidos os poemas de Varela é o álbum *María Pita e tres retratos medievás (sic)*, e tanto o número de versos como a aparencia do derradeiro deles coinciden son idénticos aos exhibidos nas páxinas de *Orzán*, o que confirmaría a autenticidade dunha fonte común en 1944. Así, o verso 20 da versión divulgada en 1955 correspóndese estritamente co que lemos no texto de 1945, sen aspas que abracen o verso:

o bronce meu, teu bronce foi María  
(Fernández del Riego 1955: 298)

Un trazo que reforza aínda máis a filiación apuntada respecto dos “Catro poemas para catro grabados” reside na acentuación da forma verbal *dareiche*, común ás edicións publicadas tanto en *Orzán* (Varela 1945b: 36) como na *Escolma...* (Fernández del Riego 1955: 298). A dita forma mostra un tipo de acentuación diferente en *Catro poemas galegos: dareiche* (Varela 1951: 21). Respecto da forma pronominal tónica de segunda persoa, en todas as versións aparece acentuada: *tí*.

Verbo do poema “María Balteira”, podemos confrontar a versión de 1951 coas publicadas pola revista viguesa *Alba* no seu número 11, do ano 1952, e mais a aparecida na *Escolma...* de 1955. As variacións máis rechamantes concrétnanse na acentuación: o monosílabo *lán* aparece acentuado nas versións de 1951 e 1952, mais non na *Escolma...* Porén, o vocábulo *túa* (vv. 2, 11, 25, 36 e 38) figura acentuado unicamente nos textos de 1951 e de 1955. Así mesmo, observamos na versión de 1951, a presenza do til no encontro da variante *i* da conxunción copulativa co artigo determinado,

“i-õ aire” (Varela 1951: 22), extremo que non figura nas outras edicións: “i-o aire” (*ibid.* 1), “i o aire” (Fernández del Riego 1955: 299). Con relación á representación gráfica da contracción da preposición *a* e as formas do artigo determinado, en *Catro poemas galegos* existe un criterio definido. A contracción da dita preposición coa forma masculina do artigo é marcada cun acento circunflexo, ô, mentres que a contracción coa forma feminina é denotada na versión de 1951 mediante un acento grave, à. Nos textos de *Alba* e da *Escolma...* atopamos unicamente acentos agudos como indicadores das contraccións. Tamén é de notar que nestas últimas versións desaparece o acento circunflexo presente nalgúns substantivos na edición de 1951, o cal tería por obxecto marcar a nasalidade etimolóxica: *moêda*, *bôa* e *ladrôas* (Varela 1951: 22). Canto á acentuación gráfica de intensidade nas palabras paroxítonas, convén subliñar o acento presente en *dêmo* (*id.*) na versión de *Catro poemas galegos*, inexistente nas versións publicadas en Galicia. Neste sentido, debemos facer notar que no verso 20 das edicións de 1952 e 1955 (isto é, as que toman como referente o orixinal de 1944), non figura o termo *dêmo*, senón *cabrón*, a cal sería a forma empregada por Varela en “Catro poemas pra catro grabados” (Varela 1951: 22). Esta modificación léxica non é a única que detectamos, pois ben que no texto de 1951 lemos a palabra *gaviotas* (*id.*), a versión de *Alba* ofrece a solución *gueivotas* (*id.* 1), en canto que Fernández del Riego escribe *gaivotas* (Fernández del Riego 1955: 299).

Por outra banda, cabería destacar a existencia doutras mudanzas, como a transformación de *à xente* (Varela 1951: 22) en *ás xentes* (Varela 1952: 1), plural que non se encontra na versión de Fernández del Riego (á xente). Non obstante, na *Escolma...* observamos as secuencias desagregadas *de amores* (Fernández del Riego 1955: 299) e *de amor* (*id.*), que non ten correspondencia cos textos de 1951 ou 1952, os cales amosan univocamente as contraccións *d’amores* e *d’amor*, que coidamos reflecten tamén o exhibido no orixinal de 1944.

Fóra do devandito, as versións de 1952 e 1955 conteñen modificacións ortográficas

como o cambio de *y* por *i* nas seguintes palabras publicadas en *Catro poemas galegos: ley* (Varela 1951: 22), *sey* (*id.*), *loubarey* (*id.*). En consonancia co antedito, a *Escolma...* ofrece no poema “María Pita” a forma *reiseñor* (Fernández del Riego 1955: 298) en lugar do *reyseñor* que lemos nas páxinas de *Orzán* (e que tería a súa fonte directa no orixinal de 1944) e mais na edición de 1951.

Tocante á composición titulada “A Ruy Xordo”, fóra da versión recollida por Fernández del Riego non dispoñemos doutros textos cos que comparar o impreso en *Catro poemas galegos*. A versión de 1955 practicamente non ofrece elementos de interese de cara á constitución do corpus lírico de Varela, pois a intervención do editor foi maior ca noutros casos. Á marxe de reunir os versos do soneto nun único conxunto, sen espazos baleiros entre os cuartetos e os tercetos, Fernández del Riego optou por eliminar o trazo existente entre a conxunción copulativa *i* e o artigo determinado que figura no texto de 1951: “i-o noso pan (...)” (Varela 1951: 23). De igual maneira, na *Escolma...* tamén desaparecen os apóstrofos que na versión de 1951 denotan a elisión da vogal das preposicións *de* e *en* como resultado da contracción co demostrativo: *n’esta* (*id.*) e *d’esta* (*id.*). Con todo, debemos subliñar que no segundo verso vemos un artigo indeterminado que non figura na versión de *Catro poemas galegos*:

i-o noso pan ten sabor de hosos  
(Varela 1951: 23)

i o noso pan ten un sabor de hosos  
(Fernández del Riego 1955: 300)

Consideramos relevante o feito de que Dieste, na súa edición da obra lírica de Varela (Varela 1979a: 51), transcribira o mesmo verso que Fernández del Riego, pois implica que, loxicamente, o dito artigo indeterminado debería estar presente no orixinal de 1944.

Por último, cómpre indicar que o poema “O touro” coñeceu unha publicación no mesmo número de *Orzán* en que apareceu “María Pita”. A comparación coa versión de *Catro poemas galegos* pon de relevo unha cuestión que merece algún comentario. Á parte do uso

do acento circunflexo, *ô* (Varela 1945c: 37) ou do til, particular que quizais se deba a un erro no proceso de impresión, para sinalar a contracción da preposición *a* co artigo determinado, convén anotar que, na versión publicada en 1945, o primeiro verso carece do signo de interrogación inicial: “Quén lle dixo ó touro verde...?” (*id.*). Se usamos como única referencia a edición de 1951, poderíamos pensar que se trata dunha errata, mais se cotexamos a versión de *Orzán* coa recollida por Rafael Dieste en 1979 dentro da colectánea *Poesía* (Varela 1979a: 155), a cal ten como fonte o texto orixinal de 1944 e non *Catro poemas galegos*, podemos constatar que alí tampouco figura o signo de interrogativo en posición inicial. Dese xeito inferimos que en “Catro poemas para catro grabados” tampouco figuraría o signo de interrogación mencionado.

#### 4. LONXE (1954)

As dez composicións que integran este volume, a diferenza dos anteriores, non contan con versións publicadas na prensa periódica ou en opúsculos anteriores á súa publicación conxunta como libro, agás nun caso: o da composición “O galo”, divulgado no primeiro número da revista *Galicia Emigrante* (Varela 1954a: 19). Porén, ese texto non exhibe ningún tipo de variación respecto do contido en *Lonxe*. Mercé ao bo facer do investigador Ferreiro Fente, especialista na obra de Lorenzo Varela, hoxe dispoñemos de tres orixinais manuscritos doutras tantas composicións (“Lonxe”, “Dolmen” e “Compañeiros da miña xeneración mortos ou asasiñados”), cuxas características fronte ás versións definitivas incluídas na obra de 1954 foron convenientemente dilucidadas polo investigador citado (Ferreiro Fente 2005), motivo polo cal escusamos a súa reprodución nas páxinas deste breve estudo noso.

#### 5. POESÍA (1979)

Rafael Dieste, auxiliado puntualmente pola súa dona, Carmen Muñoz, foi o responsable da edición desta compilación, a cal inclúe as seguintes obras de Varela: *Torres de amor* (1942), *Catro poemas pra catro grabados* (1944), *Lonxe* (1954) e *Homenaje a Picasso*

(1963). Cómpre dicir que o criterio amosado por Dieste tocante ao tratamento dos poemarios foi selectivo. Os textos en lingua castelá de 1979 non presentan diferenzas léxicas con relación aos orixinais. No entanto, si podemos localizar variantes na disposición textual (estrófica ou non, segundo se trate de composicións isopolares ou homeopolares). Por exemplo, na cuarta sección do poema “Espada de amor”, unha copla de arte menor (vv. 34-37), e mais o dístico que serve como refrán (vv. 38-39), separados por un espazo baleiro na edición de 1942, conflúen en *Poesía* (Varela 1979a: 38). O mesmo ocorre co quinto verso da composición “Muralla de Ávila” (“¡Venid y miradla!”), o cal figuraba á marxe dos catro primeiros na versión recollida en *Torres de amor* (Varela 1942: 36).

Noutros casos, o final dunha páxina na edición orixinal coincide coa fin dunha secuencia de versos, o que se traduce nunha separación por medio dun espazo en branco, extremo que non atopa unha correlación sistemática na edición feita por Dieste. Neste sentido, poemas como “Así” ou “Trébol de cinco hojas” ofrecen unha disposición en consonancia co disposto en *Torres de amor*. No entanto, Dieste non contempla a fin do período noutras composicións, incluso excepcionalmente entre conxuntos de versos separados dentro da mesma páxina, de xeito que tiraxes independentes de versos quedan unidas nas versións de 1979:

(...) campo ensimismado. // Era que alguien  
(...) (Varela 1942: 56-57)

(...) campo ensimismado. / Era que alguien  
(...) (Varela 1979a: 71)

(...) y los lobos. // Detrás de mí (...) (Varela  
1942: 57-58)

(...) y los lobos. / Detrás de mí (...) (Varela  
1979a: 72)

(...) sueño en mis brazos. // Y navego en tus  
ojos (Varela 1942: 59-60)

(...) sueño en mis brazos. / Y navego en tus  
ojos (Varela 1979a: 76)

(...) su aroma juvenil. // ¡Oh triste luz (...)!  
(Varela 1942: 117-118)

(...) su aroma juvenil. / ¡Oh triste luz (...)!  
(Varela 1979a: 135)

Otras mudanzas respecto do libro de 1942 concréntanse na supresión ou adición de acentos gráficos, diacríticos ou non. A forma verbal *fué* (Varela 1942: 11, 48, 94, 97, 118 e 137) perde o acento na edición de 1979. O mesmo acontece coas formas *dá* (*ibid.* 22, 79, 81 e 90) ou *dió* (*ibid.* 40, 62, 113 e 118), desprovistas do signo gráfico de acentuación nas páxinas de *Poesía*. É igualmente sistemática a perda do acento na edición realizada por Dieste polo que se refire ás palabras *nó* (*ibid.* 19), *reír* (*ibid.* 19 e 116). Verbo da acentuación diacrítica exhibida por Varela en 1942, o adverbio *solo* (*ibid.* 11) aparece acentuado en *Poesía* (Varela 1979a: 17) e o adxectivo *sólo* (Varela 1942: 83) perde o acento na edición de Dieste (Varela 1979a: 100), mentres que *Ésta* (Varela 1942: 118) se transforma en *Esta* no texto de 1979 (Varela 1979a: 136).

Polo demais, cabería salientar algúns cambios ortográficos mínimos que observamos en *Poesía*, algún deles quizais relacionado con erros de impresión. No verso 19 da composición “Elogio del llanto” descubrimos a supresión da consoante muda (“¡O viejas recelosas!”), Varela 1979a: 24) que se atopaba grafada en *Torres de amor* (“¡Oh viejas recelosas!”), Varela 1942: 19). O verso 20 de “La sed...”, iniciado con maiúscula na edición de 1942 (“¡No hay (...)?”), *id.* 57), figura con minúscula na versión de 1979 (Varela 1979a: 72). E aínda albiscamos outros casos, como a variación do adverbio interrogativo *Adónde* (Varela 1942: 94), transformado por Dieste en *A dónde* (Varela 1979a: 94), ou a adición do plural que converte a forma *tiniebla* (Varela 1942: 92) en *tinieblas* na edición de 1979 (Varela 1979a: 108).

Á marxe do anteriormente exposto, convén apuntar tres cambios relacionados coa distribución das pausas. Polo que fai ao poema “Elogio del llanto”, Dieste opta por engadir no verso 26 unha coma que separa o adxectivo do nome propio (“¡Ay, España, doliente (...)!”), Varela 1979a: 24), mesmo que este signo gráfico non figurase nin na edición orixinal de 1940 (Varela 1940: 6) nin en *Torres de amor* (Varela 1942: 18). Porén, rexistramos a supresión dunha coma en posición final do verso

nas versións de 1979 de “Vino de las tabernas” (Varela 1979a: 86) y de “A Perpetua, mi madre” (*ibid.* 117). No primeiro caso, o criterio de Dieste coincide co mostrado por Varela en *Elegías españolas* (Varela 1940: 27), mudado polo autor dous anos despois en *Torres de amor* (Varela 1942: 70). Tocante ao segundo, parece tratarse dunha decisión particular do editor:

ni al manantial del llanto, ni el árbol del dolor (Varela 1942: 117)

ni al manantial del llanto ni el árbol del dolor (Varela 1979a: 134)

Canto a “Catro poemas pra catro grabados”, constatamos mudanzas respecto tanto dos testemuños temporalmente achegados ao orixinal publicado en 1944 como tocante á edición de 1951, *Catro poemas galegos*. A comparación entre os textos anteditos e os editados en 1979 evidencian que o criterio de Dieste sería prescindir de elementos gráficos desfasados consonte a gramática galega da época; por exemplo, o trazo grafado na edición de 1951 entre a vogal protética desenvolta na secuencia en que conflúen dúas vogais abertas ou tamén entre a variante copulativa *i* e mais os artigos determinado ou indeterminado:

(...) a i-alma (...) (Varela 1951: 22)

(...) a ialma (...) (Varela 1979a: 147)

(...) i-unha (...) (Varela 1951: 21)

(...) i unha (...) (Varela 1979a: 143)

(...) i-ñ aire (...) (Varela 1951: 22)

(...) i o aire(...) (Varela 1979a: 147)

Así mesmo, Dieste procura evitar o emprego dos apóstrofos na confluencia das preposicións co demostrativo ou cos artigos. Porén, non leva a cabo unha aplicación rigorosa desa norma, o que explica que nas páxinas de *Poesía* anotemos formas como *desta* (Varela 1979a: 143, 151 e 155), *d'unha* (*id.* 143), *dun* (*ibid.* 147), *d'amores* (*id.*) ou *d'amor* (*id.*). En puridade, non semella que Dieste respectase as formas con apóstrofo citadas por mor da preservación do cómputo silábico.

O único tipo de acento gráfico empregado en *Poesía* é o agudo. A representación

seleccionada como resultado da contracción entre a preposición *a* e mais o artigo é a sintética ó (Varela 1979a: 147 e 155). Por outra banda, Dieste evita o uso do acento no pronome tónico de segunda persoa de singular, *tí*.

Polo que se refire a outro tipo de variantes non relacionadas coa acentuación, no poema “María Balteira” rexistramos a substitución de *acarón* por *a carón* (*ibid.* 147), *démo* por *cabrón* (*id.*), *gaviotas* por *gaiivotas* (*id.*) e *quentar* por *quentor* (*ibid.* 148). Dieste conserva, supoñemos que inadvertidamente, o vocábulo *ley* (*id.*), aínda que muda sistematicamente o *y* no resto das formas presentes nese texto e nalgún outro (*ibid.* 143).

A edición de *Lonxe* que ofrece Dieste na colectánea de 1979 foi sometida a un proceso de depuración ortográfica, de xeito que o texto resultante amosa variacións respecto do publicado en 1954. Así, Dieste decidiu eliminar o trazo na contracción da preposición *por* co artigo determinado: *polo* (Varela 1979a: 181), *pola* (*ibid.* 169, 181 e 193). Mais unha forma escapou ao celo do editor, *pol-o* (*ibid.* 169), quen decidiu conservar o guión como indicador da existencia da segunda forma do artigo: *todol-os* (*ibid.* 193). Ademais, detectamos outras modificacións tocante á acentuación, de xeito que en *Poesía* é doado apreciar a supresión do acento gráfico presente en certas palabras oxítonas e paroxítonas na edición de 1954: *serea* (*ibid.* 165), *min* (*id.*), *ti* (*ibid.* 169, 185 e 189), *di* (*ibid.* 173), *areas* (*ibid.* 197) e *ren* (*ibid.* 201). Ao pé destas formas, reparamos na adición duns poucos acentos gráficos que non figuraban nas versións recollidas nas páxinas de *Lonxe*: *prós* (*ibid.* 185), *nós* (*ibid.* 193) e *caída* (*ibid.* 197).

Por último, a actuación de Dieste tamén se estendeu ao plano léxico, no cal opera algunhas substitucións como o troco de *víranos* por *víronos* (*ibid.* 169). Igualmente, o editor altera a secuencia “na cume mais anterga”, mudándoa en “no cume mais antergo” (*ibid.* 185). O verso “verde ponla do mundo” é reducido polo editor a “verde ponla” (*id.*). Canto ao verso “tes xeito ialma de home”, é transformado en “tes xeito e alma de home” (*ibid.* 189).



No que concirne á transcripción do poema “Homenaje a Picasso”, publicado como opúsculo en 1963 xunto cuns gravados de Osvaldo Romberg, soamente podemos sinalar unha modificación por parte de Dieste: a adición do signo de admiración inicial no verso 154 (“¡Que no lo permita Dios!”), signo que non se encontra presente na versión orixinal. Polo demais, é necesario apuntar que este poema foi composto por volta do octoxésimo aniversario do pintor, en 1961, e que antes de ser publicado na edición numerada de cen exemplares que coñecemos, foi lido por Varela na “Sociedad Argentina de Artistas Plásticos” ([Seoane] 1966: 14). Segundo nos informa unha nota na lapela do opúsculo referido, o poema de Varela formaba parte dun libro en preparación: *Torre (sic) de Homenaje*, proxecto que finalmente non chegou a concretarse.

## 6. HOMAXES (1979)

Este volume, orixinalmente concibido como un proxecto ao coidado de Luís Seoane, foi rematado tras o pasamento do dito intelectual por Maruxa López, a súa viúva, e Xosé Díaz Arias. A obra inclúe trinta e dous poemas de Lorenzo Varela, a maior parte deles publicados en revistas, como prólogos a outros libros de poemas ou en catálogos de exposicións de escultores, pintores ou gravadores. En liñas xerais, Seoane respectou escrupulosamente as versións orixinais das composicións que inclúe en *Homaxes*, o que nos exime de levar a cabo unha análise extensa arredor dos textos previamente difundidos en letra impresa e transcritos por Seoane. Non obstante, aínda cabería facer algún apuntamento ao respecto. Na transcripción que Seoane fai do poema “Atenas”, a partir da versión publicada en xaneiro de 1945 no *Correo Literario*<sup>1</sup>, omite, coidamos que de xeito non deliberado, a data de composición que figura ao pé daquela na revista: “Nochebuena de 1944”. E convén subliñar que un fragmento do poema “Ante unos

grabados en madera de Luís Seoane” (concretamente, as seccións numeradas como X, XI e XII en *Homaxes*) foi divulgado no terceiro número da publicación *Cuadernos Australes* (Varela 1959: 12), extremo non mencionado por Seoane.

Verbo dos textos que Seoane declara recoller en letra impresa por primeira vez, o máis antigo deles sería a versión orixinal do poema “Eramos tres irmáns”, o cal, segundo o editor, foi escrito no ano 1940 (Varela 1979b: 22). Como demostramos hai dez anos, Varela refixo o poema para a súa publicación nas páxinas de homenaxe que o voceiro do Centro Ourensán de Bos Aires dedicou a Alexandre Bóveda en 1945. Unha vez identificadas no seu momento as diferenzas entre ambas as versións (García López 2005), non nos referiremos de novo a esa composición aquí. No entanto, este feito non constitúe un caso illado en relación co conxunto de textos que conforman *Homaxes*. Así, Seoane reproduciría en 1979 unha versión inédita do poema titulado “Cantiga nova que se chama martirio”, colaboración que, de acordo co editor, Varela preveía dar a coñecer en 1970 no segundo número da revista *Cuco-Rei* (Varela 1979b: 97). Trátase dun canto que Varela compón co gallo da conmemoración do Día da Galicia Mártir e no cal avoga pola unidade e o dereito do pobo galego a decidir sobre o seu propio destino e o de Galicia, de xeito que o poeta recolle na súa exhortación o eco da consubstancialidade do espírito e da paisaxe propia da sociedade galega. Non temos motivos para dubidar da veracidade do exposto por Seoane, mais debemos puntualizar que, coma no caso de “Eramos tres irmáns”, finalmente fomos quen de localizar unha versión diferente e divulgada na prensa periódica da comunidade galega. No mes de setembro de 1970, o xornal *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* incluía a composición de Varela titulada “Cantiga nova que se chama martirio” na versión que a seguir

<sup>1</sup> Existe una versión autógrafa do poema con algunhas diferenzas textuais, a cal foi incluída no monográfico que a Real Academia Galega publicou co gallo de lle ser dedicado a Varela o Día das Letras Galegas de 2005 ([s. a.] 2005: 60-71).

ofrecemos transcrita, anotando as variantes que contén fronte ao notablemente extenso texto divulgado por Seoane en 1979<sup>2</sup>:

- 1 Dín os mártires nosos:  
-Xuntádevos, galegos,  
xuntádevos irmáns.  
Erguédevos, galegos,
- 5 erguédevos, erguédevos  
e libertade o Chán.  
Facede de Galicia  
unha frol xunto ao mar,  
pra darlle arume ao mundo,
- 10 a Libertade, a Paz.  
Non deixedes a Terra,  
loitade nela ergueitos,  
pra conquistar o pan,  
pra conquistar o canto,
- 15 pra labrar o mañán.  
(Varela 1970: 12)

É rechamante que o texto publicado en Galicia conste tan só de quince versos, fronte aos cento dezaoto que integran a versión recollida por Seoane en *Homaxes*. E convén acrecentar que, ao poñer en relación ambas as versións, a sección que coincide cos versos divulgados no voceiro da Federación sexa a única que posúe rima.

Verbo do resto das composicións reunidas en *Homaxes* por Seoane, debemos sinalar que, mercé ás pescudas do profesor Alonso Montero, sempre pródigo con investigadores novos coma nós, sabemos que os poemas “Envío a Laxeiro en su pintura” (escrito en 1960 con ocasión dunha exposición de Laxeiro en Bos Aires) e “Un nardo madrileño para Ramón”

(composto en 1963) foron enviados ao crítico literario José Ramón Marra-López para que fosen publicados nunha obra que levaría por título *Antología de la poesía española fuera de España*. A dita antoloxía non pasou o filtro da censura en 1965 pero nós sospeitamos que algunha das composicións mencionadas, se non ambas, puidese ter visto a luz noutra publicación periódica antes de ser compilada en *Homaxes*, como tamén intúe Alonso Montero (2005: 15).

Polo que a nós respecta, xa tentamos resolver en parte esa dúbida en 1996 a través da consulta directa deses e doutros textos de Varela editados por Seoane, pois a día de hoxe aínda descoñecemos a natureza do seu soporte orixinal; isto é, se se trata de autógrafos, copias mecanografiadas ou fotocopias. Contabámonos aínda entre o estudantado universitario cando solicitamos información sobre a situación deses poemas a Xosé Luís Axeitos, especialista nunha parte moi concreta da literatura do exilio galego e bo coñecedor do estado dalgúns fondos particulares. Coa excelente disposición que o caracteriza, Axeitos indicounos que debiamos acudir ao Arquivo Seoane, institución que visitamos a comezos de 1997 para solicitar a autorización preceptiva que nos permitise revisar os devanditos textos de Varela. Autorización que, para a nosa perplexidade, nos resultou denegada. Case dúas décadas despois e perante a proximidade do centenario do nacemento de Varela, agardemos que outros investigadores consigan examinar esa documentación e resolver algunha das incógnitas apuntadas.

## 7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALONSO MONTERO, Xesús (2005): “Lorenzo Varela na *Antología de la poesía española fuera de España*, inédita e prohibida”, *Boletín da Real Academia Galega* 366, pp. 9-15.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (ed.) (1955): *Escolma de Poesía Galega. IV: Os contemporáneos*. Vigo: Galaxia.

<sup>2</sup> 1: os mártires da Patria. (v. 73); 2: ¡Xuntádevos, galegos, (v. 74); 3: xuntádevos, hirmáns! (v. 75); 4: ¡Erguédevos! ¡Erguédevos (v. 76); 5: e libertade o chán! (v. 77); 6: Facede de Galicia (v. 78); 7: un eido pra morar. (v. 79); 8: Facede de Galicia (v. 80); 9: unha frol xunto ao mar, (v. 81); 10: acarón das ribeiras enmeigadas, (v. 82); 11: pra darlle arume ao mundo, (v. 83); 12: á Libertade, (v. 84); 13: á Paz. (v. 85); 14: Facede de Galicia (v. 86); 15: unha frol xunto ao mar, (v. 87).

- FERREIRO FENTE, Xosé Gregorio (1999): “A poesía de guerra de Lorenzo Varela”, en R. Álvarez Blanco e D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. T. II: Literatura*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 529-554.
- (2005): “‘Lonxe’, ‘Dolmen’ e ‘Compañeiros da miña xeración mortos ou asasiñados’: os seus textos autógrafos”, *Boletín da Real Academia Galega* 366, pp. 21-34.
- GARCÍA LÓPEZ, José Ángel (2005): “En lembranza dos irmáns. Un poema e algúns datos de interese sobre os anos e as amizades lucenses de Lorenzo Varela”, *Dorna. Expresión poética galega* 30, pp. 117-130.
- (2007): “Primeiras experiencias literarias de Lorenzo Varela no exilio e dúas elegías esquecidas”, en X. M. Núñez Seixas e P. Cagiao Vila (eds.), *Congreso Internacional O Exilio Galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 867-884.
- [s. a.] (2005): “Lorenzo Varela: algún inéditos”, *Boletín da Real Academia Galega* 366, pp. 60-71.
- [SEOANE, Luís] (1966): “Picasso, Dominguín y los toros en Galicia”, *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* 548, pp. 13-14.
- VARELA, Lorenzo (1937): “Hoy”, *Hora de España* VII, pp. 57-58.
- (1940): *Elegías españolas*. México: Ediciones Guerra Literaria.
- (1942): *Torres de amor*. Buenos Aires: Nova.
- (1944): “Catro poemas pra catro grabados”, en L. Seoane, *María Pita e tres retratos medioevales*. Buenos Aires: Resol.
- (1945a): “Atenas”, *Correo Literario* 28, p. 3.
- (1945b): “María Pita”, *Orzán. Revista del Centro Coruñés* 1, p. 36.
- (1945c): “O touro”, *Orzán. Revista del Centro Coruñés* 1, p. 37.
- (1951): *Catro poemas galegos / Four galician poems*. Buenos Aires: Editorial Argentina de Música [Edición facsimilar con limiar de Xosé Luís Axeitos, 2004, Sada: Ediciós do Castro].
- (1954a): “O galo”, *Galicia Emigrante* 1, p. 19.
- (1954b): *Lonxe*. Buenos Aires: Botella al Mar [Edición facsimilar con limiar de Xesús Alonso Montero, 2005, Sada: SECC-Ediciós do Castro].
- (1959): “Ante unos grabados en madera de Luís Seoane”, *Cuadernos Australes* 3, p. 12.
- (1963): *Homenaje a Picasso*. Buenos Aires: Buriel.
- (1970): “Cantiga nova que se chama martirio”, *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* 1388, p. 12.
- (1979a): *Poesía: Torres de amor, Catro poemas pra catro grabados, Lonxe, Homenaje a Picasso*. Edición e limiar de R[afael] D[ieste]. Sada: Ediciós do Castro.
- (1979b): *Homaxes*. Edición, limiar e gravados de Luís Seoane. Sada: Ediciós do Castro.